

RESOLUCIÓN autorizando actividades susceptibles de recoñecemento de créditos en virtude do acordo da comisión de extensión universitaria e estudantes de 10 de setembro de 2025.

Visto o acordo do 10 de setembro de 2025 da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, establecida no Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (aprobado en Consello de Goberno 10/10/2016), e en virtude das competencias atribuídas polas normas legais, esta reitoría

RESOLVE:

Autorizar o recoñecemento de créditos ECTS, naquelas titulacións que así o establezan nos seus planos de estudo, pola asistencia as actividades académicas, que se relacionan no Anexo.

De acordo co artigo 4.1 do Regulamento citado, o recoñecemento académico de créditos optativos por as actividades recollidas no artigo 1, será dun máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade.

Natalia Caparrini Marín



ANEXO

Título	Código Sigma	Centro/Dpto. Organizador	Responsable académico	Horas	Créditos reconocidos	Datas realización
Aula Permanente de Música Tradicional Galega do Campus de Pontevedra	720206	Vicerreitoría do campus de Pontevedra/Escola de Enxeñaría Forestal	Eva María Lantarón Caeiro	170	5.7	Do 15/09/2025 ao 22/06/2026
Axenda 2030. Axentes do cambio	720014	Área de Equidade e Diversidade	Henar Quintas Salgado	30	1	Do 06/10/2025 ao 02/11/2025
Habilidades para unha carreira internacional: do CV á entrevista con éxito	720207	Economía financeira e contabilidade/Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Elena Shakina	15	0.5	Do 26/09/2025 ao 03/10/2025
Intimidación xeopolítica e liberalismo: instrumentos de poder e declive da orde liberal internacional	720208	Centro UNED de Ourense	Jesús Manuel García Díaz	20	0.7	Días 4, 5 e 19 de novembro, 2 e 4 de decembro de 2025
Teoría de Xogos Evolutivos	720209	Departamento Fundamentos da Análise Económica, e Historia e Institucións Económicas	Eduardo L. Giménez Fernández	30	1	Do 22/09/2025 ao 26/09/2025

CSV : GEN-69ef-fa14-c66e-2f3f-485e-68ca-5e3a-a390

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 11/09/2025 13:19 | NOTAS : F

